

úm. 58

15-10-28

**nóis**

CASTELLAS



BOLETÍN MENSUAL  
da  
CULTURA GALEGA

Direitor Literario  
**Vicente Risco**

Direitor Artístico  
**Alfonso R. Castelao**

Administrador  
**ANXEL CASAL**

DIRECCIÓN E REDACCIÓN:

Sto. Domingo, 47—OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:

Real, 38 I.—A CRUÑA

ABONAMENTO

NOTA

Doce números, na Península 6'00 pesetas.

Fora da Península 8'00 »

Número solto 0'70 »

*Este boletín non publicará máis orixinais qu'os que foran directamente solicitados pol-a Dirección. Tampouco se fai solidario das ideas n-eles emitidas, a non ser dos que por non iren rubrados, enténdense que son da Redacción.*

Os pagos son adiantados e os gastos de xiro de conta dos suscritores

SUMARIO

O Cruceiro, por AVELINO RODRIGUEZ ELIAS.

Memorias de Pouco Tempo, por VICENTE RISCO.

Catálogo dos Castros Galegos, da Seizón de Prehistoria do S. E. G.

Arquivo Filolóxico i-Etnográfico de Galiza.

Os homes, os feitos, as verbas, POL-A REDACCIÓN.

Reloxería ZENITH

MAQUINAS PARLANTES. DISCOS  
AGULLAS e ACCESORIOS

M. CALVIÑO - Ourense

Vicente Risco

Abogado

Sto Domingo, 47-2º

Ourense



## BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano X      ★      Ourense 15 Outono 1928      ★      Núm. 58

### O CRUCEIRO

*Adicado ó xenial dibuxante  
Alfonso R. Castelao.*

*D'unha fé popular esprendente  
era proba iste santo cruceiro  
qu'hai dous séculos tallou un canteiro  
metido á escultor.*

*Coma tiña moí pouco d'artista,  
sálen tosca e non ben rematada  
a figura, na cruz encravada,  
do Noso Señor.*

*Mais a fé que ó canteiro l'enchía  
o seu peito sinxelo e honrado,  
deulle á imaxe do Crucificado  
tal sinceiridá,  
qu'unque n'era unha boa escultura,  
dos labregos qu'adoito pasaban  
i-ó cruceiro unha ollada botaban,  
ergula a piedá.*

*que xiquera deteñen o paso,  
pois ninguén do cruceiro fai caso  
á non ser  
catro vellas mirradas qu'iñoran  
as ideas modernas que veñen  
e, quizais que por iso, inda teñen  
costume de creer.*

*E ó pasar á carón do cruceiro,  
eu pergunto, de dudas tolleito:  
¿é feliz o que leva no peito  
a chama da fé  
qu'alumeou ó pedreiro do conto,  
unque iñore os sacretos de cencia,  
ou quen ten carros de sabedencia,  
mais non cre?*

AVELINO RODRÍGUEZ ELÍAS

*Hoxe pasan milleiros de xentes,*

*Vigo, 1928.*

## MEMORIAS DE POUCO TEMPO

No serán do mes de Sant'Iago, ó sol posto qu'aínda tiña unha crareira d'ouro atrás das xestas que limitan o hourizonte curto e achegado, vou camiñando pol-o carreiriño estreito. Á mán esquerda, andivo a tesoura do infame Le Nôtre recortando nos buxos sofás moles e frescos ond'un s'afunde e semella que perde a gravidade, e remates herrerianos. Gracias á ferraya e ás ortigas do paseo, ós couselos da parede, ós corpos retortos de lurpia vexetal dos sarmentos, ás lagartiñas vestidas de pano labrado, ós abesouros que van tocando o violoncello, ás arañas peludas aforcadas en fios de prata, vellas tecedeiras de lenzos de cristal pr'a boda das rosas sonrosadas, que se poñen bermellas co-a espranza dos beixos da primeira noite... Gracias tamén á qu'os bruxos son moi vellos, e os sofás e os remates herrerianos son obra d'un frade excaustrado.

Á mán dereita, a parediña, con esteos de pedra pr'o parral, que sabe latín do tempo do frade e que terá escoitado cada cousa si é certo qu'as pedras óien... Achegadas arrentes da parediña baixa, hai roseiras que aínda amosan rosas sonrosadas, das qu'a coor conmove e esperta lembranzas que fan bater o curazón no peito, e que com'o beixalas daría aínda maior sede, bótales un a mau pra cheiralas, e sorbe un na y-alma-un cheiro qu'aixiña pasa, que marcha lonxe, breve com'os instantes d'extase, mail-os dedos fican cheos d'arrecendo que tira d'un salayos de saudade, ditosos e tristes, co-a lembranza do que non está lonxe...

Carreiriño ond'as limachas mouras estiran o corpo visgoso e os catro cornos, ou encólleno untado da súa baba cristiá.

Apañei unha caricola outoniza, vellla e longa, de corpo drapeado, coma vestido da pana que levan os peisanos vellos de face plisada e barbas de duas semáns, de cuncha ond'os deseños en espira vanse esmorecendo d'ancianidade com'o pelaxe dos cabalos

roáns, e funme co-il car'un curruncho preferido, sombrizo de buxos, parral e enredadeira, asombrado de paredes vellas, do tempo do frade.

Curruncho outonizo e tristeiro, co-as pedras vellas cobertas da súa tona de prata, na parede lateral ond'hai unha porta d'outono, de vendima e de mostada, de solpôr e d'empardecer, porta moi vella, que vai perdendo a pintura bermella, pechada de cote con chave e ferrollo, tarabelo e tranca, praiticada na parede anerga, dando á unha vereia tradizional, vereia longa que camiña cara total-as vilas, cara total-as cibdades de pedra e de ferro, con alma ou sen ela, cara total-as aldeias e total-as herdades e todol-os montes e todol-os desertos, dando volta ó novelo do mundo, mais que por gracia deíxame a mán eiquí, n-iste curruncho outonizo que ten coor de vendima e de mostada, quedo, caxque tranquilo, en compañía d'unha vella caricola.

Hai elf unha vella mesa de pedra, mesa dolménica, que resulta románica e que foi feita cand'o barroco agoniaba. Estrana mesa sacrificial, resume dos tres tempos da nosa historia. Hai un banco de pedra pra se sentar á ela.

Pousei a caricola riba da mesa. Pirmeiro dubidou moito tempo. Alargou os cornos deíc'o lindeiro máisimo da súa elasticidade e revolveu o pescozo adispacifo, primeiro moi agustiño pr'a dereita e logo con moito tino pr'a esquerda, dando a volta ata apegar os cornos á cuncha parda, e despois outra vez pr'a dereita, c'un movemento brando e lene de visgo vivente, e aínda atentou mais outra vez pr'a esquerda, ás tentaruxas. N-esta esproración levou un bó anaco. O qual non deixa d'estar adentro da lóxica da historia, asegún nol-a presenta Mr. Henry Berr. Porqu'a caricola fora tirada do vieiro por onde camiñaba chamada pol-a vida, e obrigada á facer un viaxe aéreo que foi



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano X



Ourense 15 Outono 1928



Núm. 58

O CRUCEIRO

*Adicado ó xentil dibuxante  
Alfonso R. Castelao.*

*D'unha fé popular esprendente  
era proba iste santo cruceiro  
qu'hai dous séculos tallou un canteiro  
metido á escultor.*

*Coma tiña moí pouco d'artista,  
saleu tosca e non ben rematada  
a figura, na cruz encravada,  
do Noso Señor.*

*Mais a fé que ó canteiro l'enchía  
o seu peito sinxelo e honrado,  
deulle á imaxe do Crucificado  
tal sinceiridá,  
qu'unque n'era unha boa escultura,  
dos labregos qu'adoito pasaban  
i-ó cruceiro unha ollada botaban,  
erguía a piedá.*

*que xiquera deteñen o paso,  
pois ninguén do cruceiro fai caso  
á non ser  
catro vellas mirradas qu'iñoran  
as ideas modernas que veñen  
e, quizais que por iso, inda teñen  
costume de creer.*

*E ó pasar á carón do cruceiro,  
eu pergunto, de dudas tolleito:  
¿é feliz o que leva no peito  
a chama da fé  
qu'alumeou ó pedreiro do conto,  
unque iñore os sacretos de cencia,  
ou quen ten carros de sabedencia,  
mais non cre?*

AVELINO RODRÍGUEZ ELÍAS

*Hoxe pasan milleiros de xentes,*

*Vigo, 1928.*

## MEMORIAS DE POUCO TEMPO

No serán do mes de Sant'Iago, o sol posto qu'aínda tiña unha crareira d'ouro atrás das xestas que limitan o hourizonte curto e achegado, vou camiñando pol-o carreiriño estreito. Á man esquerda, andivo a tesoura do infame Le Nôtre recortando nos buxos sofás moles e frescos ond'un s'afunde e semella que perde a gravidade, e remates herrerianos. Gracias á ferraya e ás ortigas do paseo, os couselos da parede, os corpos retortos de lurpia vexetal dos sarmentos, ás lagartiñas vestidas de pano labrado, os abesouros que van tocando o violoncello, ás arañas peludas aforcadas en fios de prata, vellas tecedeiras de lenzos de cristal pr'a boda das rosas sonrosadas, que se poñen bermellas co-a espranza dos beixos da primeira noite... Gracias tamén á qu'os bruxos son moi vellos, e os sofás e os remates herrerianos son obra d'un frade excraustrado.

Á man dereita, a parediña, con esteos de pedra pr'o parral, que sabe latín do tempo do frade e que terá escoitado cada cousa si é certo qu'as pedras óien... Achegadas arrentes da parediña baixa, hai roseiras que aínda amosan rosas sonrosadas, das qu'a coor conmove e esperta lembranzas que fan bater o corazón no peito, e que com'o beixalas daría aínda maior sede, bótalles un a mau pra cheiralas, e sorbe un na y-alma un cheiro qu'aixiña pasa, que marcha lonxe, breve com'os instantes d'extase, mail-os dedos fican cheos d'arrecendo que tira d'un salayos de saudade, ditosos e tristes, co-a lembranza do que non está lonxe...

Carreiriño ond'as limachas mouras estiran o corpo visgoso e os catro cornos, ou encólleño untado da súa baba cristiã.

Apañei unha caricola outoniza, vella e longa, de corpo drapeado, coma vestido da pana que levan os peisanos vellos de face plisada e barbas de dúas semáns, de cuncha ond'os deseños en espira vanse esmorecendo d'ancianidade com'o pelaxe dos cabalos

roáns, e funme co-il car'un curruncho preferido, sombrizo de buxos, parral e enredadeira, asombrado de paredes vellas, do tempo do frade.

Curruncho outonizo e tristeiro, co-as pedras vellas cobertas da súa tona de prata, na parede lateral ond'hai unha porta d'outono, de vendima e de mostada, de solpôr e d'empardecer, porta moi vella, que vai perdendo a pintura bermella, pechada de cote con chave e ferrollo, tarabelo e tranca, praiticada na parede anerga, dando á unha vereza tradizional, vereza longa que camiña cara total-as vilas, cara total-as cibdades de pedra e de ferro, con alma ou sen ela, cara total-as aldeias e total-as herdades e todol-os montes e todol-os desertos, dando volta ó novelo do mundo, mais que por gracia déixame a mín eiquí, n-iste curruncho outonizo que ten coor de vendima e de mostada, quedo, caxque tranquio, en compañía d'unha vella caricola.

Hai elí unha vella mesa de pedra, mesa dolménica, que resulta románica e que foi feita cand'o barroco agoniaba. Estrana mesa sacrificial, resume dos tres tempos da nosa historia. Hai un banco de pedra pra se sentar á ela.

Pousei a caricola riba da mesa. Pirmei-ro dubidou moito tempo. Alargou os cornos deic'o lindeiro máisimo da súa elasticidade e revolveu o pescozo adispaciño, primeiro moi agustiño pr'a dereita e logo con moito tino pr'a esquerda, dando a volta ata apegar os cornos á cuncha parda, e despois outra vez pr'a dereita, c'un movemento brando e lene de visgo vivente, e aínda atentou mais outra vez pr'a esquerda, ás tentaruxas. N-esta esporación levou un bó anaco. O qual non deixa d'estar adentro da lóxica da historia, asegún nol-a presenta Mr. Henry Berr. Porqu'a caricola fora tirada do vieiro por onde camiñaba chamada pol-a vida, e obrigada á facer un viaxe aéreo que foi

tronzar o seu vivir, sen dereito e sen utilidade, nin pra íla, nin pra mín. Foi unha intervención verdadeiramente cruenta, quirúrxica, n-un proceso natural... Íla ben íba por onde camiñaba; pode qu'íla non-o soupera, mais se cadra, *algo* adentro d'íla ben o sabía...

É com'imos chamar a iste *algo*?

Deixémonos de metafiseca, embora *n-iste caso*, a metafiseca fora a mais importante (porque hai un fio, adentro de todol-os procesos naturás que non é precisamente o da lóxica, e menos aínda, a lóxica de Mr. Henry Berr).

Por fin, a caricola botou á andar. Botou á andar pra diante, marcando o seu camiño co-esa baba tan boa pra sanar os catarros do peito dos cristiaos. E o seu camiño era a bisectriz (ou, tamén eu sei xeométrial) do abalar do seu corpo nos instantes de dúbida. Ou sería a diagonal do paralelógramo das forzas dos seus motivos psicolóxicos? Namentras camiña, poderei matinar na y-alma das caricolas.

Pois foi camiñando, co-ise imperceitíbeles estirar e encoller do corpo e ese apegamento á terra, co corpo alongado o mais que o podía alongar, abalando a cuncha com'os santos na procisión, e co-a despiciosa marcha procesional, que no vagaroso do seu camiñar, chegaba a ser solemne, e no determinado do seu propósito, chegaba a ser heroica. Marchaba sen s'arredar do seu camiño reuto, seguro, sen mais dubidar, com'os astros marchan pol-o ceo, que tamén van adispacio e solememente, esente esas estreliñas tolas que semellan foguetes...

D'iste xeito, foi chegando ó borde da mesa, qu'era o lindeiro da horizontalidade, e principiou a baixar. Sentado eu no banco de pedra, fun vendo desaparecel-os cornos, despois o corpo, logo pouco e pouco a cuncha, despois por fin a cauda longa e afiada.

Entón erguínme pra vela camiñar. Ó chegar ó borde d'abaixo, íba intentar unha fazaña acrobática: preso pol-a cauda e suspenso no abismo, apegado á pedra co-a sua goma que deixa un ronsel de vidro, abalou un instante, e pensei que s'iba botar d'alí abaixo.

Pensouno millor, e colleu pol-a beiríña da

mesa, pouco e pouco. Ten a mesa pol-o borde d'abaixo un chaflán que é o que lle pón unha lembranza románica. Íla non foi pol-o chaflán, senón pol-a aresta... Perdérase n-un ángulo diedro!

Por fin atravesou o chaflán, e principiou a camiñar pol-a cara inferior da mesa, facendo d'antípoda, negando a gravidade co-a sua goma.

Se San Agustín houbera feito esta experiencia qu'eu fixen, con seguranza non houbera negado a eisistencia dos antípodas.

Xa volve, xa volve outra vez pra riba: a probe está desorientada; perdeuse e non sabe surtir da sua prisión. Está prisioneira no exterior d'un prisma, por paradóxico que poida resultar o feito. A feitura prismática ten as culpas: íla está feita pr'andar pol-a terra, pol-as pedras, pol-os arbres, pol-as formas naturás, esta forma non-a entende. Está pechada na surface d'un prisma e non sabe surtir d'ela: fai com'os seres de dúas dimensións. En realidade, non debe percibir ben a terceira dimensión. Íla, pol-o seu movemento, en realidade, é de dúas; o seu Euclides debe ser o da xeometría plana ou o da xeometría esférica... A pesares de ter catro ollos ben móbiles. Íla non é gnomon com'a toupeira nen silfo com'o paxaro.

Xa volve andar pol-a aresta do chaflán...

Xa pouco se llobriga n-iste recanto sombrizo e outonizo. Hai moito xa qu'o sol embarcou pr'as Amérecas, non sei se levado tamén do vezo da emigración... Cecaís arele tamén un cárrego en calquera xunta de calquera sociedade galega. Xa hai moito que levou as áncoras a barca do sol, góndola ou piroga, ciño ou vaso d'ouro qu'aboya no mar.

(Que o sol anda embarcado, non é segredo: os exipcios, os celtas, os hiperbóreos e Benito Vicetto ben o sabían).

O reló da vila sona as suas bateladas... Hai que s'ir... O experimento remata... S'eu fora un sabio, con seguranza o qu'houvera feito, houbera sido apegar na cuncha da caricola un papeliño c'un número, pra poderla recoñecer s'outro día a atopaba. Crar'está que se podía dar o caso de chegar a atopar xuntas dúas caricolas, cada unha co seu papeliño co mesmo número (sobre todo se se

xeneraliza o costume d'estudal-a psicoloxía das caricolas) e aquí si qu'iba ser un compromiso. Pra non expórmonos á il, mais valeu que non me dera por levar mais adiante o experimento.

Morra o conto.

Dou volta pol-o carreiriño estreito, xa escurecido, solagado na sôma. Somentes, á mau esquerda agora, s'enxergan as rosas antr'os follatos das roseiras, pois a noite non chega á matar de todo a sua luminosidade de primavera sonrosada e virxinal.

Silenzo. As sedas aéreas das arañiñas voadoras apéganse na face faguendo cóxegas imposíbeles de localizar, e senqu'un consiga apañalas: asina deben ser os fios astrales dos encantos, as cadéas invisíbeles que forman as palabras máxicas. Con fios d'iste xeito está encadeado Merlín aló en Broceliande...

S'un se sentar arastora nos sofás de buxo, os cínifes formarían arredor d'un unha orquesta de silfos, e os seus aguillóns

asañados prenderían na nosa pel o coxo que proe oito días seguidos, se se non frega aixiña con vinagre, ou se non apreta forte c'un patacón, ou co-a folla d'un canivete. Millor é seguir pra diante, pasar por baixo do parasol de buxo, abril-a cancela de ferro das escaleiras, que xira c'un xemer lixeiro e péchase c'un golpe especial, e baixar agusto ó paseo longo d'abaixo, e devagariño irse pr'a casa, ollando as luces da vila que borran os perfís das casas...

Non volvin vel-a caricola.

Nin o experimento foi adiante, nin a vida da caricola, tendo trocado o seu camiño n-un instante—e todol-os instantes poden ser decisivos—volveu ser a mesma vida qu'iba ser—ou cecais foi—tivo que ser—de todos xeitos á qu'iba ser, porqu'o o seu encontro comigo cecais estaba previsto tamén.

Arestora, il e mais eu imos camiñando por baixo das estrelas.

VICENTE RISCO,  
Allariz, mes de Sant'Iago, 1928.



## Grabados en Linoleum

por Xaime Prada.

## Conto de Guerra

por Camilo Díaz Baliño.

Dous volumes artísticos que non deben faltar en ningunha biblioteca galega

## CATÁLOGO DOS CASTROS GALEGOS


PUBLICADO POL-A SEIZON DE PREHISTORIA  
DO «SEMINARIO D'ESTUDOS GALEGOS» DE SANT-YAGO

Número XVI

## CASTRO DE OURILLE

EMPRAZAMENTO. — Na provincia de Ourense, concello de Vereia, freguesia de Ourille e a 300 metros cara ó sul do lugar de San Vicente.

O río Sorga, afluente da Arnoia bica pol-o sul e pol-o oeste o pé do monte onde se asenta o castro.



DEFENSAS. — Ten un soio recinto de forma case circular, cinguido por un terraprán, cuio revestimento de cachote óllase aínda n-algúns lugares. Non é doado o determinar a caída de ista defensa que se confunde ca natural do monte, que ca forte pendente mede de 35 a 28 metros nos distintos lugares da sua volta.

Non se conservan por ningures restos de parapeto.

MENSURAS. — Mede iste castro:

Do norte ó sul . . . . . 60 metros.

Do leste ó oeste . . . . . 48 metros.

OBSERVAZÓNS. — Pol-a banda do noroeste eisiste unha forte penedía que coincide co linde da área aplainada, e por baixo de ela ábrese unha especie de prateria de 28 metros de ancho que quizáis sexa unha prolongazón en antecastro das obras defensivas.

Sinalase no recinto terminal a aparición de numerosas *tégulas*.

FOLKLORE. — Unha muller chamada Marixohana conta:

«A miña nai era de San Vicente e téñolle ouvido, que no castro hai por baixo da terra unha plaza grande e mais abaixo aínda sarillos e devanadoiros de prata.»

«De unha vez foron ó castro uns homes na compañía de un crego. Levaban co-iles un libro e un cabrito branco cos dentes negros e unha vela. Denque leron no libro e alcenderon a vela, *abríronse as portas* e apareceron moitos cabalos revoltados.»

«Entón faláron dende dentro e dixeron: —Aquietade, aquietade.»

«E despois faláronlle ós homes.

—«Que queredes?»

—«Queremos diñeiro.»

—«E traedes prenda?»

«Iles no intre botáronlle o cabrito.»

«Despois de iste sucedido foron uns rapaces, apañaron as pingotas de cera que caíran da vela, puxéronlle unha torcida e alcenderóna. De aquela abríronse de novo as portas entraron pra dentro algúns rapaces, mais de súpeto pechouse a porta e pra sacar de alí ós rapaces houbo que ir buscar os homes que foran desfacer o encanto.»

\*\*\*

Emilio González dono de unha mera situada no castro contounos que tiña ouvido decir que por baixo do aplainado do remate había campos e unha eirexa.

BIBLIOGRAFÍA. — Inédito.

(Catalogado por Fermín Bouza Brey e Florentino L. Cuevillas.)

## Arquivo Filolóxico e Etnográfico de Galiza

### UN CASAMENTO EN LOBEIRA

Un dos «costumes» mais curiosas que podemos observar en Lobeira é a do casamento.

Costume que imos tratar de relatar o mellor que poidamos.

Na noite anterior ó día da solemne cerimonia da boda na parroquial, xúntanse na cociña da casa da noiva, a «crème» da aldea a faguer tertulia na que corren o viño, os contos e os ditos humorísticos dos cachazudos paisanos.

Uns cantos xogan á brisca de seis; calado o chapeo hastra os ollos espíando as señas

pausas, unha aventura das ánimas, que escoitan todos con unha seriedade pasmosa.

Dous discuten moi serios, correntemente sentados ó estilo galego—o corpo ergueito e rixido, e as maos abertas sobre os xionllos—si choverá ou non no día seguinte. Outros, en apertado grupo opinan sentenciosa e suficientemente sobre o gando do veciño.

E así trascorre a noite, astra que alá, sobre as dez comenza a desbandada, ouvíndose a cada momento, e previa a felicitación á noiva, a frase clásica de «Boas noites nos dea Dios», que corre de boca en boca, e por fin, ceibe de intrusos a cociña, ordea o tío Manoel da casa:

—«Bota o caldo, Rosa.»

E nós, retirámonos tamén pra non interrumpir o xantar dos donos da casa.



dos contrarios e dando as suas con leves contraicións faciaes, sinalando as xogadas con frases como estas:

—«¿Machos ou cabezadas?»

—Femia!

—¿Por riba ou por baixo?»

—¡Dalle por riba!

—¡Iste leva cirolas!...

E mil pol-o estilo.

A cada «pau» que sai, indílganlle un dito.

«O Ouro vai pro tesouro.»

«Bastos son meus pensamentos.»

«Coplas cantaba un cego», etc.

N'outro rincón, tal coal velliño conta con voz misteriosa e entrecortada por longas

lago, montado no seu cabalo, que ten unha pata rachada e calzada c'un vello candieiro, pra que o santo se non esborralle. N-esta especie de caixón, atopamos, ós noivos, ós seus pais e ós invitados, sen contar, craro está, ó personal da cirexa, ou sexan, o crego, o sancristán e un múseco que toca un desafinado trombón, acompañando ó sancristán, que con unha voz que il quer que sexa de baixo, atascándose ás veces, o que provoca a saída de algunha que outra caca-reante ave, entona unha salmodia rara, n-unha língoa que il quer que sexa latín, crência que nós debemos respetar.

Amontoados á porta, están os veciños que

non caíberon dentro, alargando a cachola, pra non perder detalle do que pasa dentro, motivando con esto, un rotundo xuramento do invitado que está detrás ó sentir sobre os seus pes os de un veciño, ou ben algún beirro de algunha moza tímida.

Ó fin, alá sobre as 12 da mañá dá cabo a cerimonia e principia a saír a xente.

Pirmeiro, saen os noivos; ela muy emperifolada, lucindo no peito un monumental ramo, e il, todo endomingado, sostén na mau unha saqueta da que ela estraie anacos



de pan trigo, que bota á caninea de rapaces que os preceden, e que se botan sobre o pan, como lobiños famentos berrando:

—¡Trigo! ¡É trigo!—pelexándose hastra que un sai correndo co corróscio na mau e mais de un chichón na cachola.

Detrás dos noivos, veñen os seus pais; ela chorosa e compunxida; il teso, estirado, envolto na sua grosa «pañosa», e faguendo por que se lle non salten as bágoas, pois en medio da sua tristura, comprende, que dada a importancia do seu papel, ten que se manter serio e imponente, en armonía co-as circunstancias.

Detrás sai o alcalde, seguido de todo-os concexales dispoñibles e das autoridades militares (o cabo da Guardia Civil). Os primeiros envoltos nas suas capas de dous dedos de grosas, suando unha gota por cada pelo baixo un sol que estantina. Mais dada

a importancia do auto tivéronse que vestir de «etiqueta» e cada un, botou sobre os lombos, o pesado capote con xeito resinado pero sin pensar en contraveñir o «protocolo» local.

As autoridades militares (o cabo da Guardia Civil, como xa dixemos) retorcen os seus empinados mostachos, lanzando olladas provocativas ás mozas que acompañan á comitiva. Acompañan tamén o alcalde, o segredario do Auntamento, o do Juzgado, o Bigairo, etc. etc.

Despois ven a mûseca, composta por un gaiteiro, un tamborileiro, o do bombo e o mûseco do trombón que tamén se adheriu á comitiva.

O gaiteiro, arrogantemente plantado co-as pernas entre abertas e os pes cara afora anda acompasadamente, ladeada á monteira e balanceando as bolras do roncalle, lanzando ó aire as notas de unha muiñeira, acompañado pol-o redoblar do tambor e o bater do bombo. O do trombón, traxeado cun uniforme incompreto, sopra e resopra, suando pra lle arringar o vello instrumento algunhas notas que saen airadas e furibundas, pol-a oxidada boca do trombón.

E por último, detrás de todo-os graves persoaxes anteditos, pasan os mozos co-as suas chaquetas de pana, ribeteadas de terciopelo negro, e os seus pantalóns con rodilleiras do mesmo pano, as mozas endomingadas, os vellos co-as suas capas e as vellas cos mantós pol-a cabeza.

Pol-a porta da hermidia, sai correndo o crego, aborchando os derradeiros botós da sotana e seguido do sancristán, e incorpórase á cabeza da comitiva, berrando:

—¡Agardai por mín! ¡Agardai por mín que alá vou!

Chegados á casa da noiva, ésta retirase ás «suas habitacións» acompañada da sua nai, namentras o pai, entretén ós convidados no corredor acadando o xantar.

En cabo séntanse á mesa, e entón ven a noiva con un ramo de que van dependuradas, rosquillas, mazás e mil comeshamos de fabricación caseira.

Ó se sentar á mesa a noiva entrégalle o ramo ó noivo, quen llo dá ó alcalde que é o

que está ó seu lado. Entón o alcalde, érguese e recita esta improvisación: (1)

*A todos os que se casan  
en paz e en gracia de Dios  
El os ten da sua mau,  
que tamén vos teña a vós.*

Entón o alcalde, entrégalle o ramo ó seu veciño, quen se ergue e solta esta outra copra.

*Pra os que hoxe se casaron  
por iste ramo a Dios pido.  
Que ó Manoel lle dé cadelas,  
e á sua muller miniños.*

E así sigue o ramo recorrendo a mesa hastra chegar outra vez ás maus da noiva, quen o desfai e reparte os mil enredos que ten entre os convidados.

Por fin, e con gran contento dos asistentes comenza o xantar, que coma todol-os das aldeas, é sinxelo pero alimenticio. Ó final sai a nai co roscón, que parte en dous anacos, dando unha mitá á noiva e a outra ó noivo, quenes as reparten, él antre os homes e ela antre as mulleres, dando por terminado o festín.

Pol-a serán na casa dos noivos, hay música e baile, e alá pol-as oito da noite desperdíganse todos pol-os fiadeiros deixando solos ós noivos, que ben lles compre.

\*\*\*

Así se casaron en Lobeira hastra fai dez anos. Mais influídos pol-a moda e o afán de «señorío» deron a esquecemento os costumes dos seus abós, e hoxe cásanse como o resto da humanidade, quedando solo leves vestixios d'iste costume. Só se conserva in-teiro iste casamento, na memoria do tío Pisco, de quen, si Dios nos axuda, falaremos outro día.

XOQUÍN E XORXE LOURENZO.

San Roque-1928.

(1) Esta e as copras que siguen déronnoslas coma orixinales, anque non respondemos que o sexan.

## DE FOLK-LORE

Veciñanzas de Ferrol. — Desiñazóns xeográficas en cantigas populares

### I

O Señor cura de Cobas  
ten cara de serafín  
cando vai decir a misa  
todol-os santos se rín.

### II

A aldea da Mariña  
aldea de auga fría  
mirádea con desprecio  
que bos rapaciños cria.

### III

Si ti viras o que eu vín  
o domingo na Malata  
unha espiga de mainzo  
a piñas c'unha pataca.

### IV

San Antonio da Cabana  
ten unha pipa no monte.  
as mulleres beben viño  
os homes auga da fonte.

### V

En Cobas hai boas mozas  
na Mariña a flor d'elas  
e en San Xurxo pequeniño  
viva o salero d'elas.

### VI

Hai unha vella en Esteiro  
que co niveiro non ve o sol  
anda vella ferrolana  
si quitaras a perrera fóra che mellor.

### VII

Chove e mais fai sol (1)  
anda un vello por Ferrol

(1) Con moitas variantes colectadas e publicadas.

cargado de cucharós  
zoupa, zoupa, nos ladrós.

## VIII

¡Ai! que me doe a cabeza  
¡Ai! que me doe a moleira  
de carretar area  
do areal de *Cedeira*.

## IX

As rapazas de *San Xurxo*  
pequeniñas e ben feitas  
bótalles a bendición  
coa tua man dereita.

## X

Adiós *Ferrol* e a *Graña*  
*Mugardos* e a *Mandía*  
eran os catro rincós  
onde eu m'adivertía.

## XI

Estando eu na Habana  
aló ó poñente do Sol  
sentín tocar as campanas  
no muelle de *Ferrol*.

## XII

Adiós parque de *Ferrol*  
dentro me queda unha frol  
se non-a podo coller  
eso si que é o peor.

## XIII

Qnen me dera ser tan alto  
como a estrela do Norte  
para ver o que se pasa  
en *Mandía* esta noite.

## XIV

*Santa Comba* está na isla  
*San Martiño* en *Raxón*  
e *San Xurxo* n'unha insua  
e *San Xohan* n'un rincón.

## XV

Non te quero nena  
non te quero nón  
que mozas coma tí  
têñoas en *Narón*.

## XVI

Na porta do *Canido*  
me pisaches o pé  
me chiscaches de ollo  
ben che sei por que é.

## XVII

Na porta do *Canido*  
houbo unha riña  
c'oas mulleres de *Cobas*  
e as da *Mariña*.

As de *Cobas* decían  
non berrar tanto  
que nos poden oír  
no Camposanto.

## XVIII

En *Cobas* e na *Mariña*  
xa temos o que queremos  
temos leiteiras a par  
que pagan a todos precios.

## XIX

Meu divino *San Andrés*  
onde te foron levar  
entre penas e penascos  
aló na veira do mar.

## XX

En *Cobas* hai boas mozas  
na *Mariña* a flor d'elas  
e na aldea de *San Xurxo*  
hai chanclos para cancelas.

## XXI

Nenas de *Porto do Cabo*  
vide lavar ó meu río

anque o río non é meu  
está no meu labradío.

## XXII

En *Cobas* hai boas mozas  
criadas con pan centeo  
moi amiguiñas dos mozos  
gústalles o parraféu.

## XXIII

As de *San Xoa de Esmelle*  
guapiñas e placentearas  
moi amiguiñas dos mozos  
que andan picando nas pedras.

## XXIV

Rapaciñas andurgueiras  
de *Sequeiro* e de *Meirás*  
os mozos fanlle as veiras  
e elas vólvense atrás.

## XXV

Animaliño de loro  
mira onde foi parar  
alá ó fondo da *Mariña*  
cansadiño de voar.

Recollidos por R. M. L.

## OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS

PAISAJES MENTALES, por ABDÓN RODRÍGUEZ SANTOS, Madrid, 1928.

ABDÓN Rodríguez Santos é un home namorado do trascendental, que cultiva ise xénero filosófico que chaman *ensaio*, co-a afeizón mais decidida, e co-a mais firme fé nas suas ideais. Ten iste xénero un ilustre precedente antre nós co P. Feixóo «libre cidadán da República das Letras», e efectivamente, é o xénero mais doado pr'os que queren ser *libres cidadãos*, non xa pr'o P. Feixóo, home suxeito, mesmo sumiso á estreita disciplina da crítica, senon mais aínda pr'os que como Abdón Rodríguez Santos desbotan —ou pol-o menos semellan desbotar— todas as disciplinas do pensamento, que moitas veces quixera ceiba de toda pexa. Precisamente queren isto pol-a fonda fé que teñen no pensamento, fé que é un pouco confiada de mais, porque co-esa fé podeselle perder o medo ás contradicións, cousa qu'agora parés que non se leva. Pol-a contra, a filosofía volve andar en procura d'un camiño reuto e sen volta.

Mais Abdón Rodríguez Santos non é precisamente un filósofo, senon un moralista que procura tratar os problemas da vida práctica, c'unha visión outa e nobre, un criterio independente e persoal de «hombre de la calle», un estilo craro e desenfadado e unha sinceridade inteira, sempre sen suxeición a sistema. Ten ensaios (*Voluntaristas e intelectuales*, *Los patriotas*, *La ficción de las clases*, *Sobre Colón gallego*) moi ben pensados e ditos.

DE CATRO A CATRO, por MANUEL ANTONIO, Editorial NÓS, A Cruña, 1928.

CON este libro de Manuel Antonio a lírica galega, d'un pulo elástico e ben medido, púxose ó par de calquera outra do momento. E tocáballe a este mariñeiro coa pètega do mastro mais esguío dal-o brinco ás extremas latitudes da poesía contemporánea. Porque é el en quen todol-os mozos vemos a ecuación lírica do presente galego e o feixe mais brandido de sanas insumisións. E Manuel Antonio con este libro —tan inxustamente cativo de aparencia— dou cumprido acougo á nosa co-biza. Sin medo á hipèrbolè podemos decir que ningún poeta mozo de Castela se pode pór a sua par.

«De catro a catro» é, antes de nada, a revelación d'un mar non visto aínda por ningún. Un mar puro, sin ribeiras nin costas perdido entr'as costelacións. Un mar en coiros e latexante coma unha virxe mercada. Afei-



tos á un mar convencional —o mar dos mariñeiros na terra— este poeta —fidel á súa profesión de poeta e mariñeiro— fainos sentir o escalofrío das distancias e o lazo corrido das soedades cinguido á gorxa. Presintese o poeta, ó través d'estas páxinas, coa pipa atrancada nos dentes esculcar sentado na proa os confíns asolagados d'auga e néboa. Ó lonxe soio gaivotas, soio vagas, soio o ronsel e quezais

Aquel veleiro que s'evadeu  
pol-a corda floxa do hourizonte

E sempre o mar cerrado sobre si mesmo  
como un anelo. A terra case non aparece no libro. E cando aparece é case de casualidade o traspór un meridiano das cartas marinas. O mesmo bar

...ten balances  
e tamén está listo pra se faguer á vela.

Hastra o peirán do porto semella soñar no mar adentro, en balances cansados. A psicoloxía do mariñeiro non pode aguantar os contornos tercos das cousas da terra. E por eso no porto soio o prostíbulo e a noite os poden acoller. Xeito artificial de se pór fora das roitas e das leises e soñar coa alta mar na soia complicidade das vagas e do vento...

Os ecos imprevistos  
do noso cantar sonámbulo  
apagarán os focos da madrugada.

Todo n'este libro é un pleo acerto. Todo el logrado sin truco nin alquímio. Aínda qu'ó intre este que vivimos o queira envolver na rede arteira das sospeitas é tal a forza das súas vivencias, tal a sinceridade d'estes poemas que se non poden falsear os seus miolos de nobre metal. Argolas da cadea da súa vida traballadas co lume mais puro do seu espírito, son estes poemas de Manuel Antonio. Pra algo o libro vai encabezado como «Follas d'un diario d'abordo».

Outra virtude do libro é a de amostrarnos o xeito de levar a persoa ós cumes derradeiros da poesía pura. O poeta non desaparece nunca nin siquera cando os pararrayos das imaxes cravan nas nubens as súas puntas de platino.

Fómonos trasbordando  
ao cabotaxe das costelaciós.  
C'un faro na man  
cronometrámos o pulso das tormentas.

Pero precisase ser un poeta traballado e xenial pra fuxir da vulgaridade d'anecdota e craval-as unllas nas entranas acesas da cate-

goría estética. A arte non se casa con ninguén. Como dixo Nietzsche pol-a cencia «é muller e non quere senon ó guerreiro». E por eso, porque o autor fuxeu á contemplación pasiva pra se dar de cheo ós seus poemas, é pol-o que cada un d'eles encerra o libro enteiro e o libro enteiro ten a unidade d'un soio poema. Todo no libro ten a homoxeneidade d'un hourizonte mareiro no que Manuel Antonio, a forza d'esculcal-o nas súas dimensións pensou este feixe de versos sin igual. O coleccionista d'imaxes ten n'este libro centos d'elas a cal millor. Exemplos:

N-a fasquia dos barcos anónimos  
postos á flote pol-a madrugada...

Mansas vagas unánimes  
reorganizanse detrás do vento...

Non trascribimos mais, que senón sería cousa de non parar.

Alguén poidera achacarlle a insistenza sobre certos temas e certas verbas. Entre estas, ronsel. Pero cando esta verba aparece —e o mesmo as outras— está pleamente xustificada pol-o acerto do seu emprego.

E perdeuse pol-a popa  
desamarrado  
o ronsel...

O navío coas maus trincadas  
vai borrando cos pés o ronsel.

Estas imaxes abundan pra eliminar calquer recelo miúdo. Mais hai n'el dous detalles cos que non nos atopamos d'acordo: cos versos populares qu'o autor pon entre uns versos seus e c'unha chamada na que define ó seu xeito o mar adentro. Manuel Antonio é o polo oposto do popular e tamén do cadeiradego d'instituto. Cando se faga a edición co libro mére agardamos que nos compra o poeta rianxeiro.

OUTEIRO ESPASANDÍN.

ALBERTO V. BRAGA, CURIOSIDADES DE GUIMARÃES, MULHERES, JOGO, FESTAS E LUXO, Guimarães, 1928.

Non é somentes o autor das «Tradições e Usanças de Guimarães» un recoleitor do folklóre actual, senón que é un erudito acostumado á rebuscar nos arquivos a nota precisa que nos traia a idea do vivir lonxano. E así vai resucitando o Guimarães dos séculos XVII e XVIII principalmente cos seus coengos libertinos, o dos estudantes destemidos e do pobo festeiro das represen-

tazóns de comedias, ca regalada e amabel vida conventual de freiras clarisas de estirpes soadas no Reino. Doce, danzas, o ledo desenfado deceoitesco decorre pol-as páxinas do libro gracias ós libros da Colexiata, dos mosteiros e das feligresías do Concello que rinden escelentes materiaes ben aproveitados pol-o autor pra afrezer a visión conxunta de unha época pol-os únicos medios con que hoxe contamos pra conocela. E tales fontes históricas deitan pra o Sr. Braga notizas reveladoras en outro grado.

F. B. B.

O PORCO DE PÉ, novela de VICENTE RISCO, A Cruña, NÓS, 1928.

**C**OIDAMOS nós que na Galiza non ten aínda Vicente Risco toda a consideración de que é merecente. Coidamos: que si Vicente Risco, en troques de vivir n'Ourense, vivira en Madri e traballara aló a metade do que aquí traballa, hoxe sería un dos nomes d'intelectuales que mais sonara na Hespaña. É non só isto, senón que ó vir de vranego á sua terra, recibiría honores e agasallos á feito. Pel-o fetichismo que anda afincado aínda no espírito «provinciano» de moitos dos nosos conterraneos no respectivo ós que viven na corte e actúan na corte. E xa non decimos nada si Vicente Risco fose catalán. D'aquela á istas datas tería un fondo prestixio en toda a Iberia. Pro como reside n'Ourense e olla pouco para Madri, as cousas acontecen d'outro xeito.

Emporiso, a sua labor é—para os que nos decatamos ben do que temos que decatarnos—xurdia e trascendente. Vicente Risco, notabre ensaísta, bó orientador político, folklorista concienzudo, poeta inspirado, crítico serio, polígrafo de outo releve, temperamento de filósofo é tamén un novelista moi inte-

resante. Probounolo co «A Coutada», c'os «Europeus en Abrantes», c' «O que lle aconteceu o doutor Alveiros», c' «O porco de pé».

Ista derradeira novela que inda ten recendos do frescor da tinta da imprensa é das que se lén d'unha asentada e das que fan pensar moito. En calquera língoa que s'escribise sería un belo libro. E escrito en galego resulta un libro galeguismo. Pois a forma e o fondo se compretan, dándonos o froito maduro do humorismo racial. Que Vicente Risco, coma todol-os pensadores galegos, é, inda tratando das cousas mais serias, un sutil e socarrón humorista.

Ao longo de «O Porco de Pé» a fondura do anecdótico que serve de eixo á obra se mistura c'o episódico cheio de gracia e de bó senso criticista, para mostrarnos na historia d'unha familia e d'un ambiente que si non foi puido ser, a historia de moitas familias e moitos ambientes que foron e siguen sendo. Realismo, idealismo e humorismo andan collidos da man nas páxinas vizosas de

«O Porco de Pé», choutando axilmente sobre amplias e belidas largacías culturais. Si o estilo é o home, como dixo Buffón, é antes que el dixeran o hespañol Fox Morcillo, na derradeira novela de Vicente Risco está todo Vicente Risco. Pol-o menos asin nol-o pareceu a nós.

«O Porco de Pé», pois, non é un libro mais, senón un bó libro galego, onde hai unha cousa céntrica: o humorismo racial deitando dondamente pol-a campá da sensibilidade moderna, com'a i-auga dos regatos pol-as leiras multiformes das nosas terras de minifundio.

Vicente Risco que, cal poucos, douse por enteiro á Galiza é un home admirabel cuia prolificidade intelectual asombraría á todos n'un país onde houbese maior consciencia que no noso. É, emporiso, un outo cumio do pensamento e do sentimento galego d'hoxe. Un valor rexo e indestrutíbel. A. V. P.



Está á esgotarse a

## Historia Sintética de Galicia

por Ramón Villar Ponte.

Pida axiña o seu exemplar á nosa administración

MARGARIDA A DA SORRISA D'AURORA, por EVARISTO CORREA CALDERÓN, A Cruña, NÓS, 1928.

A atividade cada día mais pasmosa da editorial NÓS — o meirande esforzo que en este asunto de publicaciós se ten feito en Galiza, pois semella que na cantidade pronto ha estar por riba da soada *Biblioteca Gallega* de Martínez Salazar (e conta qu'aquela era bilingüe); pois na calidade das obras publicadas, xa a supera, pois non hai n-ela o refugallo que a escesiva xenerosidade d'aquilo tempo permitía publicar, e que hoxe xaz amontoado nos arquivos das catro diputaciós galegas — trainos sempre libros novos, do mais variado caraute.

Esta obrinha de Correa Calderón, é un conto, un conto d'ises qu'outrora lian os nenos — hoxe leen revistas de foot-ball, argumentos de películas ou, si acaso, Nick-Carter e Buffalo Bill — e qu'agora leemos os homes. N-il vése a filosofía idílica do autor da *Concepción sinxela do ceo*. Imprentado en azul con orla bermella e avaliado con tres deseños de Xaime Prada, díx moi ben e xunta a beleza da edizón á beleza literaria.

MARÍA ROSA, por GONZALO LÓPEZ ABENTE, A Cruña, NÓS, 1928.

PERTENCE iste volume á *biblioteca teatral* de NÓS, que leva xa publicado *A Tola de Sobrán* de Porto Rey, e o *Triptico* d'Antón Villar Ponte, e publicará axiña *O Bufón d'El Rei* por Vicente Risco. Todos sabemos o verdadeiro poeta que é Gonzalo López Abente; a súa admirabile obra poética se non esgotou con *D'Ontono*, seu derradeiro libro de versos, senón que continúa, millorando cada día. A súa obra en prosa (*Fuxidos*, en *Lar*, foi o derradeiro) e tamén dina de nota. Esta obrinha de teatro (comedia en dous pasos) foi estreada hai tempo pol-o Cadro de declamación da Irmandade da Fala da Cruña, n-unha xeira dramática que ha ser lembrada hoxe con saudade. A obra é sinxela e fina: é unha comedia d'amor e de xenerosidade. De cote, o López Abente ten tendencia a presentar caracteres ergueitos e nobres, respondendo á súa concepción de poeta clásico. Fai sentimentalismo, mais é o seu un sentimentalismo serio e coma contido, sen espaventos, e sempre d'un gosto xusto e cabal.

LA TRAGEDIA DE TODOS, por V. GARCÍA MARTÍ, Madrid.

É unha alegoría dramática escrita e disposta coma pra ser representada, na que o autor de *Del vivir heroico* e de *Una punta de Europa* presenta o eterno conflito da con-

tradición antr'a vida e o pensamento, antr'o pensamento centífeco e o pensamento filosófico, e mais a contradición interna do pensamento filosófico consigo mesmo, da conciencia co sentimento, na vida e no pensar de catro persoaxes principais — Profesor Hugo (Voz da Cencia), Berta, súa muller (Voz da Vida), Doutor Arturo (Voz da Conciencia) e a Mendiga (Voz da Morte) — que a un tempo van xogando e ditando e decrarando a peza, n-un xeito que Antón Villar Ponte chamou pirandelliano, ou no xeito de Lope de Vega de «Un soneto me manda hacer Violante». A final, o misterio se non desvenda, coma se iba desvendar? senón que sinxelamente é abandonado. A forma mesma ten o seu significado.

LOS PAZOS GALLEGOS, Cuaderno I, Vigo, 1928.

EN sobre certificado, contra reembolso de 5 pesetas, e co-enderezo trabucado, temos recibido esta publicación que dirixen o Marqués Quintanar, de Xavier Ozores Pedrosa e Xosé Cao Moure, posta baixo unha rúbrica de *regionalismo sano*, esterilizado con todas as protestas de fidelidade que se supoñen, e que nós fariamos tamén se cadra, embora fose faguendo depender de certas condicións — coma puñan á súa os nobres d'outro tempo ó prestaren preito homaxe ós seus reis, conservando o dereito de se desnaturaren se non eran cumpridas —. Contén esta obra os pacientes traballos de Xavier Ozores, hai anos adicado con entusiasmo a esta tarefa e que coñece fondamente o asunto. O cuaderno iste traí os pazos de Pena d'Ouro, Mariñán, Meyrás, Gutiérrez de la Peña, Sargadelos, Bóveda, Casa Grande da Puebla, O Corgo, Casa Grande de Villorúa, O Castro, Arnado, Vilaseco, Castrelos, A Picoña, Oca e San Thomé, unha photo e unha reseña de cada, e as armas en deseño dos Varela, Mariñas, Pardo Bazán, G. de la Peña, Ibáñez, Pedrosa, Valcarcel, Quiroga, Florez de Losada, Sanxurxo, Temes, Valladares, Troncoso, Goyoso, Ozores, Villosa, Sotomayor, Sarmiento, Silva, Sequeiros e Zúñiga. Moi atinadas as verbas do Marqués de Quintanar cando di: «El hombre está poniendo cuanto puede de su parte por afejar las ciudades y las aldeas y los campos de Galicia...» Invítamos ós arquitectos a que ollen, lean e mediten...

## REVISTAS

ELEUSIS, revista mensal de cultura filosófica, Lisboa.

DIRIXE esta preciosa publicación o noso distinto colaborador João Antunes. É

fundamentalmente unha revista teosófica da escola blavatskiana, que segue a orientación ortodoxa do Centro d'Adyar (Madrás) que preside Mrs. Annie Besant; mais n-ela teñen acollemento todol-os ideás espiritualistas e, antr'as revistas da súa clás, ningunha temos ollado qu'a supere en erudición e tratamento crítico dos asuntos.

A primeira serie, trai, antr'outras cousas: *O Problema Colombino*, *Gente da Nação em terras de Portugal*, e *Por terras do Alcorão, da Thora e do Evangelho* (viaxe por Terra Santa) de João Antunes; publica unha versión portuguesa do *Exemplar humanae vitae* do Luso-hebreu Uriel da Costa, e en separata, *Isis sem ven* de Blavatski e o *Bhavadgaya Gita*. Outros artigos: *A antiguidade do Krishnaísmo*, do indoportugués Panduranga S. S. Pissunlencar e *O idealismo da Teosofia*, de Jinarajadasa. De moito intrés o *Questionario de Eleusis* (onde se responde a preguntas dos assinantes) e *Finália*, con novas arqueolóxicas, literarias, filosóficas, actividade teosófica, etc.

#### NAÇÃO PORTUGUESA, Lisboa.

**SERIE IV**, n.º 9. Interesante: *Da partícula «se» portuguesa*, por Rodrigo de Sá Noqueira, e as observacións á *Historia da Literatura portuguesa* por M. M.

N.º 11.—Manuel Murias publica un interesante artigo sobre: *A língua portuguesa no Brasil*, a unha nota sobre *Espanha e Portugal*.

N.º 12.—Dous istrutivos artigos en col de Felipe II: *A usurpación felipina e a restauración de 1640* por José Augusto Vaz Pinto, e *Portugal e Felipe II* (resposta a un artigo publicado na mesma revista pol-o Sr. Beneyto Pérez) pol-o General V. José César. Manuel Murias anuncia outro, en calidá de terceiro en discordia.

#### CÉLTICA, Buenos Aires.

**A**DICA un grande número extraordinario ó *Día de Galiza*, xurdia afirmanza da Renacencia galega, con orixinás de Carré Aldao, Zapata García, Juan Leiro, Portela Valladares, Pérez Hervada, López Abente, Fernández Mato, Vicente Risco, F. Porto, Juan Jesús González, Otero Pedrayo, Barcia Trelles, Blanco Amor, Rafael B. Esteban, Julio Sigüenza, Correa Calderón, Castelao, Juan Bautista Andrade, Julio Prieto, Xaime Prada, Castro Gil, Vázquez-Pandelo, Aveli-

no Díaz, Suárez Couto, R. F. M., Antonio Palacios, Abelenda, Carballo Caleiro, Quintanilla, Cabanillas, Suárez Picallo, Rodríguez González, Obdulio Prieto, etc., etc. Notable tanto a parte literaria como a parte gráfica, que ten ademais moitas e intresantes photos.

#### BIBLOS, Coimbra.

Março-Abril, 1928.—O Dr. Mendes dos Remedios sigue estudando o estado social dos xudeus en Portugal.—*L'Empire portugais d'Asie* pógée asegún a Cosmografía d'Alfonse de Saintonge (1544) por Louys Papy.—Pierre Salomón estuda a influencia de Filinto Elysio en Lamartine.

Maio-Junho, 1928.—*Camões e a literatura francesa*, por Le Gentil.—*Navegação portuguesa dos séculos XVI e XVII* (naufrágios inéditos) por Carlos de Passos.—Karl Suprian estuda o libro do alemán Otto Antscherl, *J. B. de Almeida Garret und seine Beziehungen zur Romantik*, onde asegura que o romantismo estroncaba na tradición lírica portuguesa, e no sentimento do infinito na saudade.

#### OUTRAS REVISTAS:

*Taula*, a revista valenciana, segue visitándonos e traguéndonos novas da intresante renacencia literaria d'aquela terra chea d'esperanzas. Diríxela un agrupamento valeroso, preparado, moderno, de perfecta orientación.

*Musicalia*, manífece revista de música que surte na Habana, chea de valiosos traballos e notizas que nos enteiran do movemento musical do mundo, mandounos os dous primeiros números, d'intresantísima lectura.

*Sera Nova*, a fermosa revista lisboeta; aparece cada día c'un contido mais intresante.

*Gutiérrez*, (graciosa publicación humorística), *La Novela mundial*, *La Farsa* (publicacións dramáticas), *Estampa* (semanario-magazine) e *La Pantalla* (revista cinematográfica), fermosas publicacións da Casa Ribadeneira, de moito intrés, continúan cambiando con NÓS.

Imp. NÓS, Real, 36-1.º A CRUÑA.

**Suscribase a A NOSA TERRA**

**P A R D O**

**ÓPTICO CENTÍFICO**

Preguntoiro, 32  
SANTIAGO

San Andrés, 50  
A CRUÑA

CASA EISCRUSIVAMENTE ADICADA A ÓPTICA CENTÍFICA

**FOTOGRAFABADO**

Si quer qu-os seus fotografados sexan o mais perfeito posibres, convenlle envialos aos

**Talleres de fotografado ESPASA-CALPE S. A.**

Ríos Rosas, 24-Apartado, 547 MADRID

**Xa está a venda**

**O PORCO DE PÉ**  
**(NOVELA)**

**por Vicente Risco.**

OS PEDIDOS A NOSA ADMINISTRACIÓN

**F. ROMAN E SACO**

**DROGUERIA**

**e FARMACIA**

Pereira, 19

Teléfono 28

OURENSE

Use o novo cristal PUNTAL, fabricación de Zeis,  
e escurisiva da

## CASA DE LOS LENTES

Plaza Mayor, 18.

OURENSE.

Drogueria e Farmacia

**LUIS FÁBREGA**

Progreso, esquina a Luís Espada

OURENSE

MERQUE VOSTEDE  
Plumeiros **RAFIUM**

De mais dura qu'os de pruma e limpan  
millor. Véndese en todol-os estabreci-  
mentos do ramo

Andrés Perille - OURENSE

Lea vostede

## Os Camiños da Vida

por R. Otero Pedrayo.

**BODEGAS GALLEGAS, PEARES E OURENSE**

Viños finos de mesa: Tinto TRES RIOS. Blanco BRILLANTE

LOS GALLEGOS blanco e tinto

Macía e Valeiras, Apartado 18 - Ourense

**SANATORIO QUIRURGICO DE SAN LORENZO**

SANTIAGO DE GALICIA

DE LOS PROFESORES

**D. Fernando Alsina**

CIRUJANO

y

**D. Antonio M. de la Riva**

GINECÓLOGO

Establecemento dotado de todol-os elementos que exixen  
a terapéutica e a hixiene modernas, situado nas aforas  
da poboazón, moi cerca do paseo da Ferradura

Teléfono número 195

Pra detalles, calquera dos Directores ou o Médico interno

**P A R D O**

**ÓPTICO CENTÍFICO**

Preguntoiro, 32  
SANTIAGO

San Andrés, 50  
A CRUÑA

CASA EISCRUSIVAMENTE ADICADA A ÓPTICA CENTÍFICA

**FOTOGRAFABADO**

Si quer qu-os seus fotografados sexan o mais perfecto posibres, convenlle envialos aos

**Talleres de fotografado ESPASA-CALPE S. A.**

Ríos Rosas, 24-Apartado, 547 MADRID

**Xa está a venda**

**O PORCO DE PÉ**  
**(NOVELA)**

**por Vicente Risco.**

OS PEDIDOS A NOSA ADMINISTRACIÓN

**F. ROMAN E SACO**

**DROGUERIA**

**e FARMACIA**

Pereira, 19

Teléfono 28

OURENSE

Use o novo cristal PUNTAL, fabricación de Zeis,  
e escurativa da

## CASA DE LOS LENTES

Plaza Mayor, 18.

OURENSE.

Droguería e Farmacia

**LUIS FÁBREGA**

Progreso, esquina a Luis Espada

OURENSE

MERQUE VOSTEDE

Plumeiros **RAFIUM**

De mais dura qu'os de pruma e limpan  
millor. Véndese en todol-os estableci-  
mentos do ramo

Andrés Perille - OURENSE

Lea vostede

## Os Camiños da Vida

por R. Otero Pedrayo.

**BODEGAS GALLEGAS, PEARES E OURENSE**

Viños finos de mesa: Tinto TRES RÍOS. Blanco BRILLANTE  
LOS GALLEGOS blanco e tinto

Macía e Valeiras, Apartado 18 - Ourense

**SANATORIO QUIRURGICO DE SAN LORENZO**

SANTIAGO DE GALICIA  
DE LOS PROFESORES

**D. Fernando Alsina**

CIRUJANO

y

**D. Antonio M. de la Riva**

GINECÓLOGO

Establecemento dotado de todol-os elementos que exixen  
a terapéutica e a hixiene modernas, situado nas aforas  
da poboazón, moi cerca do paseo da Ferradura

Teléfono número 195

Pra detalles, calquera dos Directores ou o Médico interno



## A hixiene nos nenos

é a garantía da súa saúde física e moral o día de mañá.

No diario aseo dos nenos emplee o **"Jabón Sales de la Toja"**, único que ás súas altas calidades meicifícas xunta toda a finura e perfume d'un xabón de tocador.

Contribúe ó perfecto desenvolvemento das criaturas e evita o perigo da escrófula e o raquitismo.



**JABÓN  
LA TOJA**  
ÚNICO EN EL MUNDO



O Xabón da Toxa  
ademais de ser o mellor é un  
producto galego que nos  
honra no mundo enteiro

Vostede contribuirá  
ao rexurdir patrio  
cando adequiera  
os libros galegos



Dirixa os seus pedidos a

**N Ó S**

**PUBRICACIONS GALEGAS  
e IMPRENTA**

Real, 36-1.º

A Cruña.